

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 5 DE MAIO DE 2022

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás doce horas e corenta e cinco minutos do día cinco de maio de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión extraordinaria e urxente convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguineo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste e presenta escusa dona María Dolores Pan Lesta.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parcero Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.- Pronunciamento da Xunta de Goberno Local respecto da urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal

O Pleno municipal, en sesión ordinaria de data 27 de xaneiro de 2022, aprobou participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022"** da Deputación Provincial da Coruña, e aprobar os proxectos das obras incluídos neste plan.

O señor alcalde expón que, con data 28 de abril de 2022, recibíronse varios requirimentos da Deputación Provincial da Coruña para emendar algúns dos proxectos presentados, sen que conste nos ditos requirimentos a data límite para presentación da emenda.

Postos en contacto coa Deputación Provincial comunicáronnos que a documentación debe estar presentada a través da plataforma Subtel, como data límite, o día 6 de maio de 2022.

Tendo en conta que as correccións dos proxectos non estiveron totalmente preparadas ata a mañá do día de hoxe, 5 de maio de 2022, e que as ditas correccións afectan unicamente a cuestións técnicas, sen que se modifique o obxecto nin orzamentos dos proxectos aprobados polo Pleno municipal en sesión de data 27 de xaneiro de 2022.

Tendo en conta, igualmente, a necesidade de tramitar á maior brevidade posible o expediente de contratación 2022/C004/000024 para a organización da V Romaría Galaico-Romana 'Galaicoi', dado que para a anualidade

2022 está previsto que a romaría e actividades teñan lugar os días 15 a 17 de xullo, debendo iniciarse a montaxe de todo o necesario o 14 de xullo.

Por todo o anterior, o señor alcalde manifesta que considera debidamente xustificada a convocatoria desta sesión extraordinaria e urgente.

Sometido a votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, acordou ratificar a urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, isto de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal.

2º.- Proposta de aprobación do proxecto de "Mellora da pista municipal do Temple. Cambre", incluído no POS+ 2022, corrixido a requirimento da Deputación Provincial

Vista a proposta da Alcaldía de data 4 de maio de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

«O Pleno municipal, en sesión ordinaria de data 27 de xaneiro de 2022 aprobou, entre outros, o proxecto que de seguido se relaciona, incluído dentro do Plan de Cooperación municipal ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) "POS + 2022":

Denominación	Redactor	Importe (IVE engadido)
Mellora da pista deportiva municipal do Temple, Cambre	Andrés Pérez Rouco Enxeñeiro de camiños, canles e portos	60.000,00 €

Con data 28 de abril de 2022 recibíuse un requirimento da Deputación Provincial da Coruña para emendar o proxecto presentado, no que se indican que deben ser corrixidas as seguintes incidencias:

"(...)

-Eliminaranse do Prego de condicións as determinacións de tipo administrativo; resulta de aplicación o PCAP desta Deputación así como a L 9/2017 e poden entrar en contradicción con esta regulamentación

-os prezos por hora dos distintos oficios deben unificarse por cualificación profesional e deben ser coherentes (por exemplo o prezo dun oficial 1ª non pode ser inferior ao dun oficial 2ª). Existen prezos pode debaixo do prezo de mercado (peón ordinario, capataz)

-eliminaranse as fichas técnicas de produtos de marcas concretas (Bases POS + 2022 publicadas en BOP núm. 228 do 30.11.2021)".

Tendo en conta que o proxecto foi corrixido polo técnico redactor e supervisado polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, segundo informe emitido o 4 de maio de 2022.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución núm. 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Único: Aprobado o proxecto corrixido denominado "Mellora da pista deportiva municipal do Temple, Cambre", redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos don Andrés Pérez Rouco, e asinado electronicamente o 3 de maio de 2022.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3º.- Proposta de aprobación do proxecto básico e de execución de "Mellora funcional da rúa Rocón. Cambre" incluído no POS+ 2022 (Plan complementario), corrixido a requirimento da Deputación Provincial

Vista a proposta da Alcaldía de data 4 de maio de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

«O Pleno municipal, en sesión ordinaria de data 27 de xaneiro de 2022 aprobou, entre outros, o proxecto que de seguido se relaciona, incluído dentro do Plan de Cooperación municipal ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) "POS + 2022":

Denominación	Redactor	Importe (IVE engadido)
Proxecto básico e de execución Mellora funcional da rúa Rocón. Cambre	Patricia Muñiz Núñez e Luciano González Alfaya Arquitectos	66.058,74 €

Con data 28 de abril de 2022 recibíuse un requirimento da Deputación Provincial da Coruña para emendar o proxecto presentado, no que se indican que deben ser corrixidas as seguintes incidencias:

"(...)

- segundo as bases do POS+2022 (BOP 30.11.2022) o control de calidade non resulta subvencionable polo que deberá eliminarse do ornamento.
- eliminarase de condicións administrativas do Prego; resulta de aplicación a Lei de contratos así como os pregos de condicións administrativas aprobados pola Deputación da Coruña
- revisar pavimento táctil indicador (accesibilidade): inicio e final da rampla, zonas aberta/sen liña de fachada, direccional táctil entre fachada/elemento delimitador e faixa advertencia de paso de peóns
- xustificación pendente vao peonil e dimensión do pavimento táctil, xustificación da pendente da rampla
- indicarse o emprazamento do bordo de aceiro corten
- aclararse que pasa co recorrido peonil neste punto:



Tendo en conta que o proxecto foi corrixido polos técnicos redactores e supervisado polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, segundo informe emitido o 4 de maio de 2022.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución núm. 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Único: Aprobar o proxecto corrixido denominado “Proxecto básico e de execución Mellora funcional da rúa Rocón. Cambre”, redactado por Patricia Muñiz Núñez e Luciano González Alfaya, e asinado electronicamente o 3 de maio de 2022.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º.- Proposta de aprobación do proxecto básico e de execución de "Mellora funcional e accesibilidade parque Ramón Barba. Fase 1", incluído no POS+ 2022 (Plan complementario), corrixido a requirimento da Deputación Provincial

Vista a proposta da Alcaldía de data 4 de maio de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

«O Pleno municipal, en sesión ordinaria de data 27 de xaneiro de 2022 aprobou, entre outros, o proxecto que de seguido se relaciona, incluído dentro do Plan de Cooperación municipal ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS + 2022”:

Denominación	Redactor	Importe (IVE engadido)
Proxecto básico e de execución Mellora funcional e da accesibilidade do parque Ramón Barba. Cambre. Fase1	María Morán Castillo Arquitecta	243.343,10 €

Con data 28 de abril de 2022 recibíuse un requirimento da Deputación Provincial da Coruña para emendar o proxecto presentado, no que se indican que deben ser corrixidas as seguintes incidencias:

“(…)

- *Partidas non subvencionables*

-Considerando que son de aplicación ao procedemento de contratación os pregos tipo da Deputación da Coruña (Base 7.1 do POS+2022) e o establecido na súa cláusula 29) CONTROL DE CALIDADE, as partidas de control de calidade debe eliminarse do ornamto sen prexuízo de que poda figurar o plan de control de calidade como documento do proxecto.

- *Prezos descompostos / xustificación de prezos*

-Incorporar a xustificación ds prezos das unidades 01.02-03.08 e 05.22. –Na listaxe de prezos simples da man de obra figuran categorías por debaixo do convenio de aplicación: Peón ordinario 10,00€/h e Ayudante 13,50 €/h. Figuran diversos oficios coa mesma categoría con diferentes costes unitarios. A custe da Cuadrilla A deberá desagregarse.

- *Cálculos xustificativos*

-Cálculo da instalación eléctrica e xustificación, de ser o caso , do RD 1890/20008

- *Xestión de residuos*

-As cantidades indicadas no documento de xestión de residuos (px. 176) deben ser coherentes coas indicadas no capítulo de xestión de residuos do ornamto.

- *Medicións/orzamento*

-Deberase desagregar/xustificar a medición da partida DEMOLICIÓN COMPLETA EDIFICIO A MÁQUINA e relacionarse co documento de xestión de residuos.

-Engadir unha páxina resumo do ornamto por capítulos indicando o ornamto de execución material e de licitación como continuación da páxina 290 do proxecto.

-Con carácter xeral, deben eliminarse a referencia a marcas comerciais: DANODREN H 25 PLUS, SYLVANIA...

- *Planimetría- Incorporar documentación gráfica que defina as instalacións eléctricas e as varandas do proxecto”.*

Tendo en conta que o proxecto foi corrixido polo técnico redactor e supervisado polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, segundo informe emitido o 4 de maio de 2022.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución núm. 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Único: Aprobar o proxecto corrixido denominado "Proxecto básico e de execución Mellora funcional e da accesibilidade do Parque Ramón Barba. Cambre. Fase 1", redactado pola Arquitecta María Morán Castillo e asinado electronicamente o 4 de maio de 2022.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

5º.- Proposta de aprobación do proxecto de "Mellora funcional do Paseo dos Templarios. Cambre. Fase 1", incluído no POS+ 2022, corrixido a requirimento da Deputación Provincial

Vista a proposta da Alcaldía de data 5 de maio de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

«O Pleno municipal, en sesión ordinaria de data 27 de xaneiro de 2022 aprobou, entre outros, o proxecto que de seguido se relaciona, incluído dentro do Plan de Cooperación municipal ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) "POS + 2022":

Denominación	Redactor	Importe (IVE engadido)
Proxecto básico e de execución Mellora funcional do Paseo dos Templarios. Cambre. Fase 1	José Ramón Díaz Barbeito Arquitecto municipal	118.404,71 €

Con data 28 de abril de 2022 recibíuse un requirimento da Deputación Provincial da Coruña para emendar o proxecto presentado, no que se indican que deben ser corrixidas as seguintes incidencias:

"(...)

Memoria

- *Deberá xustificarse adecuadamente o cumprimento da normativa vixente de accesibilidade. No proxecto indícase que o mobiliario, os pavimentos táctiles indicadores, a sinalización, etcétera cumpren, pero non están definidos no proxecto.*
- *Debe achegarse o cálculo da iluminación e da instalación eléctrica respectiva. Así mesmo deberá xustificarse, de ser o caso, do RD 1890/2008.*

Orzamento

- *Considerando que son de aplicación ao procedemento de contratación os pregos tipo da Deputación da Coruña (Base 7.1 do POS +2022) e o establecido na súa cláusula 29)CONTROL DE CALIDADE, as partidas de control de calidade deben eliminarse do orzamento sen prexuízo de que poda figurar o plan de control de calidade como documento do proxecto.*
- *O prezo descomposto das xardineiras de formigón non parece corresponderse coa súa medición, por exemplo 0,35 m3 de formigón x 131,8 m2 de superficie=46,13 m3 de formigón, que é unha cantidade excesiva para as dimensións especificadas no texto. Coa man de obra ocorre xusto o contrario.*
- *En relación co anterior a cantidade de terra vexetal medida no orzamento para estas xardineiras (40 cm de espesor), no parece suficiente para plantar arbolado de ata 3,5m de altura (sí sería suficiente para os*

parterres). Neste mesmo sentido indicar que en proxecto toda a xardiñeira parece estar plantada en xardineiras (non se demole o pavimento de formigón inferior), pero nosn planos parte dos árbores podería entenderse que se plantan en alcorques.

Planos

Os planos do proxecto carecen do detalle necesario para que as obras queden perfectamente definidas:

- Deben achegarse planos que definan as instalacións eléctrica e de iluminación
- Falta planos de cotas que permitan o replanteo do proxecto
- O proxecto carece de seccións.
- Faltan detalles de pavimentos, bordillos, xardineiras, mobiliario, encontro co peto de pedra existente...

Tendo en conta que o proxecto foi corrixido polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, coa data do 5 de maio de 2022.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución núm. 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Único: Aprobar o proxecto corrixido denominado “Proxecto básico e de execución Mellora funcional do Paseo dos Templarios. Cambre. Fase 1”, redactado polo Arquitecto Municipal don José Ramón Díaz Barbeito, e asinado electronicamente o 5 de maio de 2022.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

6º.- Proposta de aprobación do expediente 2022/C004/000024, para a contratación por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación (xuízos de valor e apreciación automática) do contrato mixto de servizos e subministracións para a organización da V Romaría Galaico-Romana ‘Galaicoi’

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 5 de maio de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data do 5 de maio de 2022 elaborouse polo técnico en promoción económica coa conformidade da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local, a memoria xustificativa da necesidade, idoneidade, insuficiencia de medios e xustificación da elección do procedemento para a contratación dos servizos e subministracións necesarios para a organización da V Romaría Galaico-Romana ‘Galaicoi’ (15,16 e 17 de xullo de 2022), dividíndose o obxecto do contrato en oito lotes, cun valor estimado total de 147.545,42 euros, e un orzamento base de licitación para un ano de contrato de 67.066,10 euros sen IVE, 81.150,00 euros IVE incluído.

Coa mesma data asínase polo técnico en promoción económica, coa conformidade da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local, o informe técnico de relativo, entre outros aspectos, aos criterios de valoración, solvencia esixible aos licitadores, condicións especiais de execución do contrato e penalidades aplicables, así como as prescricións técnicas que rexerán a presente contratación.

Consta documento de retención de crédito no orzamento de 2022, asinado con data de 5 de maio de 2022 polo Interventor da Corporación con cargo á partida 2022.430.22612 “certames e festivas de turismo”.

Consta a providencia de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 156 da LCSP.

Consta, igualmente, informe proposta emitido pola Secretaría accidental mais o Interventor municipal ao que se achega o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que han de rexer a presente contratación.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato ao tratarse dunha prestación coa que se persegue a organización do mercado galaico romano “Galaicoi”, os servizos e subministracións precisas para a dotación das infraestruturas necesarias para a realización da romaría galaico - romana “Galaicoi” (servizos hixiénicos sanitarios, elementos gráficos de difusión, de sinalización, de merchandising e conmemorativos para difundir e publicitar a romaría, liñas e cadros eléctricos, sistemas de megafonía e son e servizos de gravación e transmisión en directo), así como os servizos de recreación histórica e de realización de representacións teatrais entre os días 15, 16 e 17 de xullo de 2022.

Debido á diversidade e complexidade das prestacións requiridas, e para facilitar o acceso á contratación pública a un maior número de empresas, o contrato estrutúrase en oito lotes.

- Lote 1: Servizo de organización e dinamización dun mercado temático de carácter galaico romano e decoración, ambientación e delimitación dos espazos da romaría.
- Lote 2: Aluguer, instalación, mantemento e retirada de servizos sanitarios químicos durante o desenvolvemento da romaría.
- Lote 3: Subministración de elementos gráficos de difusión (programas e carteis), de sinalización (bandeirolas, lonas, planos e frechas), de merchandising (chapas, adhesivos e bolsas) e conmemorativos (tessera).
- Lote 4: Subministración de liñas, cadros eléctricos temporais e restantes elementos para proporcionar enerxía e iluminación aos distintos espazos de celebración da romaría (Castromaior, Mercado, Campo da Feira e Teatro).
- Lote 5: Servizo de sonorización e iluminación para a romaría e para as representacións teatrais programadas no Teatro durante a súa celebración.
- Lote 6: Servizo de gravación e edición de video para a transmisión en streaming das representacións teatrais.
- Lote 7: Servizo de recreación histórica.
- Lote 8: Servizo de realización da representación de dúas obras de teatro clásico.

O seu fundamento normativo atópase na Lei 7/1985 de 2 abril, Reguladora das bases de réxime local, que establece como propias dos municipios as competencias en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local, a ocupación do tempo libre, así como na promoción da cultura, de conformidade co estipulado no seu artigo 25.2. h), l) e m), modificado pola Lei 27/2013 do 27 de decembro, de Racionalización e sustentabilidade da administración local

Polo tanto, queda acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto e o contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2022/C004/000024 por procedemento aberto, con multiplicidade de criterios de adxudicación (xuízos de valor e apreciación automática), dividíndose o obxecto do



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

contrato en oito lotes e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que se integran nel, correspondente ao seguinte contrato mixto de servizos e subministración:

Obxecto do contrato:

Organización da V Romería Galaico-Romana 'Galaicoi' (15,16 e 17 de xullo de 2022)

- Lote 1: Servizo de organización e dinamización dun mercado temático de carácter galaico romano e decoración, ambientación e delimitación dos espazos da romaría.
- Lote 2: Aluguer, instalación, mantemento e retirada de servizos sanitarios químicos durante o desenvolvemento da romaría.
- Lote 3: Subministración de elementos gráficos de difusión (programas e carteis), de sinalización (bandeirolas, lonas, planos e frechas), de merchandising (chapas, adhesivos e bolsas) e conmemorativos (tessera).
- Lote 4: Subministración de liñas, cadros eléctricos temporais e restantes elementos para proporcionar enerxía e iluminación aos distintos espazos de celebración da romaría (Castromaior, Mercado, Campo da Feira e Teatro).
- Lote 5: Servizo de sonorización e iluminación para a romaría e para as representacións teatrais programadas no Teatro durante a súa celebración.
- Lote 6: Servizo de gravación e edición de vídeo para a transmisión en streaming das representacións teatrais.
- Lote 7: Servizo de recreación histórica.
- Lote 8: Servizo de realización da representación de dúas obras de teatro clásico.

Orzamento base de licitación:

Para **1 ano** de contrato:

Base de licitación	67.066,11 €
IVE	14.083,89
Total	81.150,00

Desglosado da seguinte forma:

Lote 1:	27.582,63 € + 5.792,37 € de IVE = 33.375,00 €
Lote 2:	1.570,24 € + 329,76 € de IVE = 1.900,00 €
Lote 3:	6.198,35 € + 1.301,65 € de IVE = 7.500,00 €
Lote 4:	6.611,56 € + 1.388,44 € = 8.000,00 €
Lote 5:	5.123,99 € + 1.076,01 € = 6.200,00 €
Lote 6:	2.500,00 € + 525,00 € de IVE = 3.025,00 €
Lote 7:	14.793,38 € + 3.106,62 € = 17.900,00 €
Lote 8:	2.685,96 € + 564,04 € = 3.250,00 €

Valor estimado:

147.545,44 euros

Desglosado da seguinte forma:

Lote 1:	60.681,79 €
Lote 2:	3.454,53 €
Lote 3:	13.636,37 €
Lote 4:	14.545,43 €
Lote 5:	11.272,78 €
Lote 6:	5.500,00 €
Lote 7:	32.545,44 €
Lote 8:	5.909,11 €

Duración:

O prazo de duración do presente contrato será desde a súa formalización ata do 31 de outubro de 2022, para cada un dos diferentes lotes, podendo prorrogarse cada un deles ata o 31 de xullo de 2023.

De conformidade co establecido nas prescricións técnicas que rexen a presente contratación, a prestación executarase cada ano durante o mes de xullo. En concreto na anualidade de 2022, a romaría e actividades relacionadas celebraranse os días 15, 16 e 17 de xullo, debendo iniciarse a montaxe de todo o necesario o 14 de xullo e finalizando a súa recollida o 18 de xullo.

No exercicio 2022, de non formalizarse o contrato con anterioridade ás datas previstas para a execución da prestación, por mutuo acordo das partes, poderán modificarse as mesmas, sen que iso supoña, en ningún caso, alteración do prezo de adjudicación.

A prórroga acordarase polo órgano de contratación, previo informe emitido polo responsable do contrato e fiscalización pola Intervención Municipal, e será obrigatoria para o empresario, sempre que

o seu aviso previo/previo aviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. En ningún caso poderá producirse a prórroga por consentimento tácito das partes. Isto, de conformidade co establecido no artigo 29.2 da LCSP.

Isto, en aplicación do establecido nos artigos 131 e 156 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, e artigo 324 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia.

Terceiro: Aprobar o gasto por conta das aplicación orzamentaria 2022.430.22612 “Certámenes y festivales de Turismo”.

Cuarto: De conformidade co establecido no artigo 326 e Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, a Mesa de Contratación, como órgano de asistencia técnica especializada, estará formada polos seguintes membros:

- Presidenta: A Concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o Concelleiro-delegado da área de Urbanismo e Obras don Juan González Leirós.
- Vogais:
 - A secretaria xeral da Corporación e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.
 - O interventor municipal, don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.
 - O técnico de administración xeral adscrito á Área de Urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira e, como suplente, o técnico de administración xeral, xefe da área de urbanismo e réxime interior, don Emilio Martínez Cubero.
 - A axente de desenvolvemento local, dona Sonia Machín Herranz, e como suplente, a axente de desenvolvemento local, dona Beatriz castro Pico.
- Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a Técnica de Xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 103 da LCSP, e cláusula 6 do prego de cláusulas administrativas particulares, establécese a improcedencia da revisión de prezos, polo que o prezo do contrato non sufrirá variación ningunha, sen prexuízo do previsto no prego de cláusulas administrativas particulares respecto das modificacións contractuais non previstas do artigo 205 da LCSP.

Sexto: Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co disposto polos artigos 135 e 63 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, e na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.



E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as trece horas e cinco minutos, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López